

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE MARZO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de marzo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA (incorpórase á sesión no punto número 11/136 da orde do día), DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA (auséntase da sesión no punto número 15/140 e reincorpórase a esta no punto número 17/142). Actúa como Concelleira-Secretaria en funcións dona María del Carmen Basadre Vázquez dende o comezo da sesión ata o punto número 10/135 da orde do día e dende o punto número 11/136 ata o remate da sesión o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 2 de marzo de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a toma de razón da sentenza firme número 102/2010, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Lugo, no Recurso Contencioso Administrativo número 99/2009.

Acórdase a excepcionalidade do cumprimento do Decreto 29/2010 polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, solicitadas: para a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente, construído coa licenza municipal número 211/70, sito na rúa San Roque, número 39; para a actuación de remodelación e ampliación de vivenda existente no edificio tradicional sito en Barbaín-Santa María de Bóveda e para a actuación de

instalación dun ascensor no edificio existente, sito na rúa San Froilán, número 15.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela sita no ámbito do proxecto sectorial Parque Empresarial das Gándaras; para construción de edificio na rúa Tino Grandío, número 4; para ampliación de soto e substitución da cuberta na vivenda unifamiliar con licenza de rehabilitación número 889/07, sita na rúa Pontevedra, número 21; para remodelación de vivenda 4ª, esquerda, do edificio con licenza número 29/71, sito na rúa do Progreso, número 1; para modificación e ampliación do edificio de planta baixa con licenza número 460/2010, para disposición en planta baixa de 2 portais de acceso, 2 locais de uso garaxe (6 prazas en total) e 1 local sen uso definido, e construción de dúas plantas altas destinadas a 6 vivendas con aproveitamento baixo cuberta para rochos en 2 portais, na rúa Aguiá, número 10; para consolidación estrutural no solo e teito da planta 3ª, con uso de vivenda no edificio sito na rúa San Marcos, número 21; para execución de reforzo de muro de contención existente en peche de predio sito en Ponte do Castro-Santo André de Castro e para a legalización de ampliación de vivenda de planta segunda con cambio de uso do espazo baixo cuberta a vivenda vinculada á planta inferior, no edificio con licenza número 471/98, sito na rúa Florentino López Cuevillas, número 14.

Acórdase a denegación de licenza de construción de edificio na rúa Camiño Verde, número 2, e vinculación de dúas prazas de garaxe no edificio sito na rúa Dona Urraca, números 60-62, e unha no edificio sito na rúa Camiño Verde, número 17, ao edificio obxecto de licenza.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación da disolución das Xuntas de Compensación da Unidade de Actuación Centro Sur-17 e Unidade de Actuación Centro Sur-18 do PXOU vixente.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo por persoal adscrito a Arquitectura e da aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado 18. contratación da prestación das actividades varias do Servizo de Prevención de Drogodependencias durante o período de abril ata agosto de 2011 e a apertura do procedemento de adxudicación.

ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

5. CEMITERIO.- Acórdase o establecemento do horario de apertura e peche ao público do recinto do Cemiterio Municipal de San Froilán, para a época estacional primavera-verán.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a execución da sentenza ditada no recurso Contencioso Administrativo 698/2007 (R 56/06), interposto por danos persoais causados como consecuencia dunha caída na intersección das rúas Lamas de Prado e Pintor López Guntín.

Lugo, 9 de marzo de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García